

RESOLUCIÓN do conselleiro de Sanidade, de concesión directa dunha axuda de carácter extraordinario para a cobertura de gastos ocasionados pola secuenciación xenómica nun proxecto sobre o estudo dunha nova estirpe celular (NEC).

Antecedentes:

Primeiro.- A través da Fundación Biomédica Galicia-Sur, xestiónase o proxecto de investigación sobre o estudo dunha Nova Estirpe Celular ou NEC en membranas amnióticas e en sangue humana, aprobado polo Comité de Ética de Galicia, e desenvolvido no Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía no Hospital Álvaro Cunqueiro, que ten por obxecto etiquetar unha nova estirpe celular descuberta en sangue e tecidos fetais non descrita até agora.

Logo de catro anos de intenso traballo por parte do equipo dirixido polo Doutor Carlos López Ramón y Cajal, conseguiuase illar esta nova estirpe celular nun medio suficientemente purificado de mostra como para realizar as técnicas genéticas mais avanzadas para o seu estudo.

Segundo.- Detectar e describir unha nova forma celular é extremadamente importante para diversas enfermidades, tanto obstétricas coma perinatais. Tamén constitúe un achado moi interesante e prometedor atopar esta nova forma celular en mostras de humanos adultos e nenos/as.

Por este motivo, resulta de suma importancia a culminación do proxecto de investigación, para o que cómpre a cobertura dos custos inherentes á secuenciación xenómica da NEC nun laboratorio con experiencia na técnica xenómica de *shotgun*.

Este método de secuenciación de nova xeración utilízase para determinar a orde das bases nitroxenadas no ADN dunha mostra, para o cal debe fragmentarse o ADN desta en pequenos fragmentos, que se secuencian de forma aleatoria, e logo superpóñense para reconstruír o xenoma completo.

Terceiro.- Dado o novidoso do sistema de secuenciación, a dificultade radica en atopar un laboratorio que poida realizar dita técnica con niveis de calidade axeitados.

Por tal motivo, o equipo investigador, a través da Fundación Biomédica Galicia-Sur, solicitou á Consellería de Sanidade a cobertura do custo correspondente á realización da técnica xenómica de *shotgun*, nun laboratorio existente na nosa Comunidade Autónoma.

Cuarto.- A Consellería de Sanidade, unha vez detectada a necesidade, iniciou os trámites necesarios para a cobertura de dita necesidade, dado o carácter especializado da técnica e a limitación na dispoñibilidade de medios técnicos axeitados para a súa realización.

Por tal motivo, cómpre proceder á cobertura do custe da secuenciación xenómica da NEC nun laboratorio con experiencia na técnica xenómica de *shotgun*, mediante unha axuda directa por razóns de interese público e económico, e pola especialidade da técnica a utilizar, ao abeiro do artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que estas axudas concederanse, con carácter excepcional, por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira.- De conformidade co Decreto 136/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Está adscrito á Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, que se configura como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins), este desenvolve as competencias que no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No exercicio de ditas competencias, a Consellería de Sanidade asumirá a concesión e pagamento á Fundación Biomédica Galicia-Sur dunha axuda extraordinaria outorgada para a cobertura do custe da secuenciación xenómica da NEC nun laboratorio con experiencia na técnica xenómica de *shotgun*, mediante unha axuda directa por razóns de interese público e económico, e pola especialidade da técnica a utilizar, ao abeiro do artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.- A presente resolución rexerase por:

- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.
- Os preceptos de carácter básico da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de dita lei.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tercera.- O artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, contempla un procedemento de concesión directa de subvencións. No parágrafo segundo sinala que «as propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións incluídas na presente lei, agás no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da subvención, con indicación do carácter singular da mesma e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicable.
- c) Beneficiario/s e modalidade de axuda.
- d) Réxime de xustificación da aplicación dada á subvencións polo/s beneficiario/s e, no seu caso, entidades colaboradoras.

Cuarta.- O Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, desenvolve a previsión contida no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño; así, no artigo 36, apartado c), dispón que poderán concederse, de forma directa e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O artigo 40 dispón, con relación ás subvencións de concesión directa en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, o seguinte:

1. A concesión directa de subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, poderá instrumentarse a través de resolución ou convenio que, en todo

caso, deberán axustarse ás previsións contidas na Lei de subvencións de Galicia, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Beneficiario/s e modalidades de axuda.
- c) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención individualizada, no seu caso, para cada beneficiario, se fosen varios.
- d) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- e) Prazos e modos de pagamento da subvención, posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo co disposto neste regulamento, deberán aportar os beneficiarios.
- f) Prazo e forma da xustificación por parte do beneficiario e, no seu caso, da entidade colaboradora do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento de condicións establecidas para a súa concesión.
- h) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2. O expediente incluírá, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Unha memoria na que se xustifique, claramente e de maneira detallada, as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitarios, ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter excepcional.
- b) Os informes previstos n artigo 18.2 do presente regulamento (Asesoría xurídica xeral e Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia). Con todo, estes informes non se exixirán ás subvencións que se concedan mediante resolución e que non superen as contías ás que se refire o punto 4 deste artigo.
- c) A proposta de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que autorice a subscribir.

3. Cando a subvención sexa concedida mediante convenio e o importe sexa superior a 150.000 euros ou teña carácter plurianual, a aprobación do convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

4. Cando a subvención sexa concedida mediante resolución e a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente de 60.100 euros no exercicio, a aprobación da resolución requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia. Os importes anteriores elevaranse a 12.000 euros e 120.300 euros, respectivamente, para o servizo correspondente á Secretaría Xeral da Presidencia.

Vistos a Lei de 38/2003, de 17 de novembro, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e de conformidade coas competencias que me atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Obxecto e finalidade da axuda concedida

Esta resolución ten por obxecto a concesión directa dunha axuda, de carácter extraordinario, á Fundación Biomédica Galicia-Sur, destinada á cobertura do custe da secuenciación xenómica da mostra da NEC obtida no seo do proxecto de investigación sobre o estudo dunha Nova Estirpe Celular en membranas amnióticas e en sangue humana, aprobado polo Comité de Ética de Galicia, e desenvolvido no Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía no Hospital Álvaro Cunqueiro, a fin de que dita secuenciación se realice nun laboratorio con experiencia na técnica xenómica de *shotgun*.

Segundo.- O procedemento de concesión desta axudas quedará suxeito ás previsións contidas no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Terceiro. Compatibilidade con outras modalidades de axudas

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, das que puidese beneficiarse o destinatario da axuda,

sempre que non superen o importe global do importe facturado.

Cuarto. Crédito orzamentario

Esta axuda farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1201/411A/481.1 (actividades de interese sanitario), proxecto 2022 00107, do orzamento de gastos da Consellería de Sanidade para o ano 2023, por importe de 5.964,57 euros.

Quinto. Beneficiario e contía da axuda

Será beneficiario da axuda a Fundación Biomédica Galicia-Sur, a través da que se xestiona o proxecto de investigación sobre o estudo dunha Nova Estirpe Celular ou NEC en membranas amnióticas e en sangue humana, aprobado polo Comité de Ética de Galicia, e desenvolvido no Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía no Hospital Álvaro Cunqueiro, dirixido polo Doutor Carlos López Ramón y Cajal.

A contía da axuda destinarase á cobertura do custe da secuenciación xenómica da mostra da NEC nun laboratorio con experiencia na técnica xenómica de *shotgun*, e abonarase da forma que se indica no apartado sétimo.

Sexto. Documentación

A entidade beneficiaria deberá entregar a seguinte documentación:

- Declaración responsable da percepción, no seu caso, doutras axudas para o mesmo proxecto.
- Declaración responsable de no estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e do cumprimento das obrigas previstas no artigo 11 da mesma lei.
- Certificación de estar ao corrente, no seu caso, das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, cando así o estableza a normativa vixente.

Sétimo. Pagamento e xustificación

O pagamento da axudas de carácter extraordinario realizarase contra a presentación da factura polo importe do custe da secuenciación xenómica da mostra da NEC, emitida por un laboratorio con experiencia na técnica xenómica de *shotgun*.

Non se require doutra xustificación ao estar amparada esta axudas polo establecido no artigo 28.9 da Ley 9/2007, ao ser concedida en atención á concorrencia dunha situación determinada.

Oitavo. Reintegro

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e segundo o disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

Noveno. Comunicación complementaria da concesión e renuncia

De conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, esta resolución e a información sobre a subvención serán comunicadas á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, todas as persoas físicas ou xurídicas subvencionadas veñen obrigadas, previo requirimento, a subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas de transparencia da actividade pública, prevéndose multas coercitivas nol caso do incumprimento desta obriga. Segundo o artigo 17 da citada lei, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro desta resolución.

A subvención enténdese aceptada tacitamente. No caso de renuncia, o beneficiario deberá comunicalo á Consellería de Sanidade no prazo de dez días naturais, contados a partires do día seguinte ao da publicación da resolución da concesión.

Décimo. Control e verificación

A axudas concedidas en virtude desta resolución estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas, polo que o beneficiario ven obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida por estes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo primeiro. Impugnación

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Julio García Comesaña

Conselleiro de Sanidade